



Concello de Gondomar

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DEPORTIVAS NO EXERCICIO 2021

As presentes bases, que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2021, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), do Real decreto 887/06, de 21/07, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións en desenvolvemento da lei anterior, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Gondomar, aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro do 2.004 (B.O.P. nº 195 do 7-10-2004), (en adiante OXS), e demais normativa aplicable.

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regula-lo procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrência para fomenta-lo desenvolvemento de actividades, execución de obras ou investimentos, adquisición de subministros e outros que persigan a consecución de obxectivos de carácter deportivo, ou que redunden en beneficio da colectividade entre os veciños/as de Gondomar no ámbito deportivo.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados con actividades deportivas, segundo o sinalado na presente Base.

.

II.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA DA SUBVENCIÓN.

O crédito orzamentario que financia esta convocatoria será o consignado na partida 340.48000 do Orzamento en vigor, ata un importe total de 27.700,00 €.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras Administracións Públicas ou de outros Entes Públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.


En ningún caso o custo dos bens ou actividades subvencionados, poderá ser superior ó valor de mercado.

III.- BENEFICIARIOS

Poderán solicita-las subvencións reguladas na presente convocatoria:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- o Persoas ou entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades de interese municipal, ou en beneficio da colectividade de veciños/as de Gondomar.
- o Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou colectivos cidadáns, e calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades obxecto da subvención.
- o Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que estean incursoas en calquera dos supostos do artigo 13 da LXS., e, en particular, aquelas que non se atopen ó corrente das súas obrigas fiscais coas distintas Administracións Públicas e a Seguridade Social.
- o **Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que houberan formalizado co Concello no exercicio en curso un Convenio de colaboración en virtude da concesión dunha subvención nominativa.**
- o **Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que entre as súas funcións de acordo cos Estatutos non sexan deportivas.**
- o **Non poderán ser beneficiarios da presente subvención as persoas, asociacións ou entidades que concorran a outras convocatorias de subvención do Concello de Gondomar. No caso de que unha mesma persoa, asociación ou entidade concorra a varias subvencións do Concello de Gondomar, admitirase a solicitude efectuada na convocatoria directamente vinculada a súa finalidade segundo os seus estatutos.**

IV.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, sen lugar a dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen durante o período comprendido entre o 01/11/2020 e o 30/10/2021. Así mesmo poderán ser subvencionables aqueles gastos xerais de funcionamento, necesarios para o mantemento dunha estrutura, local ou establecemento permanente, onde se realicen as actividades obxecto desta convocatoria.


Considérase gasto realizado o que, executado no período comprendido entre o 01 de novembro de 2020 e ata o 30 de outubro de 2021, fora efectivamente pagado polo beneficiario da subvención antes do 30 de de Outubro do 2021, e así se acredite polo mesmo.

V.- SOLICITUDES

As solicitudes de subvención formularanse no modelo que figura como Anexo I a estas Bases, irán dirixidas ó Alcalde-Presidente, e serán presentadas durante o prazo de QUINCE DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

convocatoria no BOPP, no Rexistro Xeral do concello, por correo certificado ou a través do rexistro electrónico co DNI electrónico ou certificado dixital así como a través de calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común.

Unha mesma entidade non poderá presentar máis dunha solicitude.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:


- o Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante e do NIF do representante legal.
No caso de que esta documentación obre xa no poder desta administración, e non sufriran modificacións con respecto ás últimas presentadas, axuntarase declaración xurada neste senso segundo figura no anexo VI.
- o Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade (no caso de que a mesma teña personalidade xurídica propia).
No caso de que esta documentación obre xa no poder desta administración, e non sufriran modificacións con respecto ás últimas presentadas, axuntarase declaración xurada neste senso segundo figura no anexo VI.
- o Certificación de datos bancarios da persoa ou entidade solicitante (**orixinal** expedido pola Entidade).
- o Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento de representante, no seu caso, para as relacións co Concello, e declaración xurada ou certificación da entidade, de acepta-las condicións da presente convocatoria segundo modelo que figura en Anexo II. No caso de entidades carentes de personalidade xurídica, este requisito entenderase cumprido coa presentación do Anexo III.
- o Declaración responsable ós efectos de acreditar o estar ó corrente no pago das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, segundo modelo que figura no Anexo IV, comprometéndose a acreditar documentalmente este feito antes da resolución da presente subvención.
- o Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o art 13.2 da Lei Xeral de Subvencións e que imposibilita obte-la condición de beneficiario de subvencións, segundo modelo que figura no Anexo V
- o Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai a desenvolver segundo modelo que figura en Anexo VII.
- o Orzamento de gastos e ingresos segundo modelo que figura no Anexo VIII.

Tratándose de comisións parroquiais, colectivos veciñais ou calquera outros carentes de personalidade xurídica, a documentación esixible será a que establece o artigo 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

ARTIGO 11. DOCUMENTACION A PRESENTARPOLOS COLECTIVOS CIDADANS

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Cando se prevea expresamente nas bases reguladoras, poderán acceder á condición de beneficiario, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou colectivos cidadáns que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.

Nestes supostos, a documentación esixible será:

- Datos persoais do representante do colectivo (nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono, e-mail, etc.)
- Relación nominal, coa súa aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto ou actividade.
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e presuposto pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- Declaración xurada do representante legal, de non atoparse inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas, ou para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no seu nome.
- Datos dunha conta bancaria mancomunada con alomenos dous titulares.
- Calquera outro documento que se considere necesario para permitir unha mellor valoración da subvención solicitada.

VI.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A) Comisión de Valoración

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase a Comisión de Valoración, que estará integrada polos seguintes membros:

- O Alcalde, que actuará como Presidente.
- A Concelleira de Deportes.
- Xosé Antón Fernández González, responsable de deporte.
- Persoal do departamento de Intervención, que actuará como Secretario/a.

Todos e cada un dos membros desta Comisión, poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.


A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

A Comisión de Valoración, unha vez aplicados os devanditos criterios, asignará unha puntuación global para cada solicitante.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario, non poderá superar o 85 % do gasto subvencionado, sen que en ningún caso se poida superar o límite do crédito orzamentario dispoñible.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

B) Criterios de Valoración

Os criterios a ter en conta para a concesión das axudas serán os seguintes:

- ✓ Representatividade da entidade peticionaria no Concello, atendendo ó número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito individual ou en conxunto con outras entidades.
- ✓ Grao de interese xeral ou sectorial das actividades realizadas ou que se propoña realizar, e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais.
- ✓ Número de posibles beneficiarios directos ou indirectos.
- ✓ Carácter periódico ou permanente das actividades desenvolvidas.
- ✓ Custe das actividades e porcentaxe que se solicita como subvención.

Cada un dos criterios antes mencionados puntuarán ata un máximo de 2 puntos, sen que a puntuación total poida exceder de 10 puntos.

C) Acordo de adxudicación

O Órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é por Resolución de alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración, sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno en virtude da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local

O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de subvención será de un mes contado a partir do día no que remate o prazo establecido nesta convocatoria para presentalas, e o silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

VII.-XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención levarase a cabo unha vez presentada polo beneficiario a conta xustificativa da realización da actividade ou gasto subvencionado segundo modelo que consta no Anexo IX. Os requisitos que debe reunir a devandita conta xustificativa, serán os que se especifican no artigo 20 da OXS.


ARTIGO 20. FORMA DE ACREDITA-LA REALIZACION DO PROXECTO OU ACTIVIDADE

A acreditación da realización do proxecto ou actividade subvencionados, farase polos seguintes medios:

- 1.—Conta xustificativa dos gastos realizados, que reunirá os seguintes requisitos:
 - Incluirá, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto, ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

— Unha declaración das actividades realizadas que foran financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que se incorrera.

— Para xustifica-los gastos xerais de obras, bens e servizos, aportaranse as correspondentes facturas. Os gastos de persoal, dietas, etc., xustificaranse a través das nóminas. Os restantes gastos subvencionables mediante facturas, e outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Deberán presentarse orixinais e fotocopias que serán dilixenciadas ou compulsadas polo Concello, devolvendo aqueles ós interesados á maior brevidade posible. Nas facturas deixárase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a convocatoria correspondente.

En todo caso, as facturas deberán ter data do exercicio económico para o que se concedeu a subvención.

— Así mesmo, ós efectos de xustificar adecuadamente a subvención concedida, poderá esixirse, se así os establecen as bases reguladoras, os exemplares da documentación e publicidade xenerada pola actividade subvencionada.

— Cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outros fondos ou recursos, deberá acreditarse na xustificación, o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

— No suposto de adquisición de bens inmoables, deberá aportarse, ademais, certificación de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

2.—Cando así o requira as características das subvencións convocadas, ou dos beneficiarios ós que van destinadas, e se estableza nas bases reguladoras da concesión, a xustificación do gasto realizado poderá acreditarse tamén por módulos ou mediante a presentación de estados contables.

A xustificación do gasto subvencionado deberá realizarse no Rexistro Xeral do concello, por correo certificado ou a través do rexistro electrónico co DNI electrónico ou certificado dixital así como a través de calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común, dirixido ao servizo de Intervención do Concello, con anterioridade ó 01 de decembro de 2021.

VIII.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A convocatoria e as presentes Bases publicaranse nos Taboleiros de Edictos do Concello, no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e un extracto da convocatoria no BOPP.

A información, descarga de instancias e tramitación electrónica da presente convocatoria está dispoñible na páxina oficial da Sede Electrónica do Concello de Gondomar (<https://concellodegondomar.sedelectronica.gal/info.0>)

